

**II XORNADAS "A ESCOLA, PUNTO DE ENCONTRO ENTRE
PROFESORADO E EDUCADORES/AS SOCIAIS"
Santiago, 4, 5 e 6 de xullo de 2006**

CONCLUSIÓNS

A modo de conclusións pódense articular as seguintes achegas:

1. Cómpre definir, ou redefinir, o modelo de escola que precisa a sociedade actual. Este proceso de revisión debe ser aberto e participativo. Non pode facerse exclusivamente desde o punto de vista profesional, ou só desde o propio marco escolar. A sociedade debe clarificar que escola precisa sobre a base de reformularse as funcións sociais que son esixibles á institución escolar.
2. Se non se produce ese proceso de reformulación e clarificación, a integración de distintos profesionais da educación e o traballo colaborativo entre eles no marco escolar será máis difícil, xa que non está suficientemente articulado o sentido do seu labor, entendido de maneira individual ou colectiva.
3. A sociedade, tanto a través da cidadanía como das institucións que a representan nun determinado territorio, e que teñen encomendadas importantes funcións en relación á potenciación da igualdade de oportunidades, á promoción da cultura, á participación social e, en definitiva, á vertebración sociopolítica dun espazo comunitario concreto, debe avanzar no seu compromiso coa escola, tendendo pontes desde as potencialidades educativas das propias institucións sociais. Non é admisible a delegación dos retos e problemáticas sociais na escola sen lle prestar o menor apoio, e sen ofrecer alternativas que comprometan e impliquen a outros colectivos profesionais e outros recursos que non sexan exclusivamente escolares.
4. Cómpre considerar as motivacións que sustentan a incorporación dos educadores e educadoras sociais ao marco escolar nas distintas comunidades autónomas en que está regulada e tamén noutras experiencias en que se considera a intervención destes profesionais no contexto da comunidade educativa. Nesta liña é destacable como o seu traballo se entende necesario para afrontar retos sociais e educativos que se relacionan coa mellora da convivencia, a atención á diversidade, a prevención dos problemas de exclusión social, a configuración educativa do tempo de lecer, a potenciación da educación en valores, a mellora dos vínculos entre a escola e o contexto sociocomunitario de referencia.
5. Existen distintas alternativas para integrar o traballo dos profesionais da educación social na escola. É necesario afondar nas súas posibilidades e limitacións á luz das experiencias prácticas que se coñecen.
 - A incorporación dos educadores e educadoras sociais ao marco escolar, integrados nos departamentos de orientación, require un esforzo de planificación e adecuación de proxectos a cada realidade socieducativa, así como a recreación de mecanismos de coordinación entre os distintos profesionais chamados a intervir: profesorado, orientadores e educadores/as sociais.
 - A presenza e colaboración dos profesionais da educación social coa escola, desde distintas instancias do contexto sociocomunitario (administración local, asociacións etc.) obriga igualmente a clarificar as distintas dimensións do proxecto educativo que se pretende impulsar, así como a procura de canles

de comunicación e coordinación entre os profesionais e as institucións ou instancias implicadas.

6. A formación inicial e permanente do profesorado, dos educadores/as sociais e dos orientadores/as debe tomar en consideración as novas circunstancias que afectan os profesionais da educación e incidir no coñecemento dos aspectos comúns e diferenciadores dos distintos perfís profesionais, para sentar as bases dun traballo colaborativo, superador das visións reducionistas que cada cultura profesional vai xerando.
7. No contexto galego cómpre ir avanzando nas direccións debuxadas, sendo para isto prioritarias, entre outras, unha serie de apostas: - dar a coñecer as experiencias de traballo colaborativo entre escola e educadores/as sociais que existen na actualidade.
 - Impulsar o estudo das alternativas para a incorporación dos educadores e educadoras sociais ao marco escolar, considerando a regulamentación que existe noutras comunidades autónomas e as características e circunstancias da escola que temos, así como os novos retos sociais aos que debe dar resposta. Nesta liña Nova Escola Galega, comprométese a crear unha comisión de traballo, contando coa participación do CESG e as tres universidades galegas así como cos profesionais que estime conveniente consultar, a fin de presentar un documento de suxestións á propia administración educativa.
 - Aproveitar a configuración dos novos títulos de grao de ámbito educativo para introducir cambios na formación inicial destes profesionais.
 - Promover actividades de formación e debate co obxectivo de promover o creación de marcos de colaboración estables entre os distintos profesionais. - procurar o establecemento de pontes entre o traballo socioeducativo que se realiza na escola e desde outras instancias comunitarias, na liña de desenvolver proxectos educativos centrados no territorio.

Finalmente a organización e as persoas asistentes ás xornadas manifestaron o seu recoñecemento á figura da pedagoga Marta Mata, recentemente falecida, pola súa traxectoria na defensa dos valores defendidos polos movementos de renovación pedagóxica e a súa implicación profesional e humana na procura doutra educación para unha sociedade máis xusta.